

Núm. 23

15-11-25

# nós.



BOLETIN MENSUAL  
da  
CULTURA GALEGA

DIREITOR LITERARIO

Vicente Risco

DIREITOR ARTÍSTICO

Alfonso R. Castelao

---

DIRECCIÓN E REDAUCIÓN

Sto. Domingo, 47 - OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Real, 36 1.<sup>o</sup> - A CRUÑA

---

ABONAMENTO

Doce números, na Península	6 pesetas.
Fora da Península	15 ..
Número sollo na Península	1 ..
Na Arxentina	69 céntavos
En Cuba	30 ..

*Pagos adiantados*

---

Este boletín non publica mais orixinás qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideias n-eles emitidos, a non ser dos que, por non iren rubrados, enténdense que son da Redaución.

---

SUMARIO

*Cantares*, por ANTONIO COUCEIRO FREIXOMIL.

*Os poetas atlánticos*, por RAMÓN OTERO PEDRAYO.

*A ponte de Vidán*, por XOSÉ PENA PENA.

*O Congreso d'Economía Galega en Lugo*.

*A Edade do Ferro en Galiza*, por FLORENTINO L. CUEVILLAS.

*Quod nihil scitur*, (continuación), tradución de XAN AZNAR PONTE.

*Archivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza*.

*Os homes, os feitos, as verbas*; pol-a REDAUCIÓN.

---

LEA VOSTEDE

A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS  
IRMANDADES

Ademínistración Real, 36 — A Cruña

# Motores & máquinas CELTA

Marca  
Rexistrada

Suministros industriaes — INSTALACIÓS

**Gasolina Petróleo, aceites pesados SHELL**

Cubertas - Cámaras - Macizos BERGOUGNAN - MICHELIN

## JOSÉ RAMÓN PEREZ CID

Progreso, 54 e 90 — OURENSE

Fabricación

especial de  
toda sorte  
de Cristales  
de Cristales

ópticos



(MARCA REGISTRADA)

Execucion

esmerada  
das recetas  
dos seño-  
res Médicos

Oculistas

## Praza Mayor, 18 - OURENSE

## Sanatorio Quirúrgico de Ourense

Direitor: Don MANUEL POL PIÑEIRO Cirugía

co-a colaboración dos Doutores

D. FRANCISCO JOSÉ RIONEGRO DÍEZ  
CIRUGÍA

e D. MANUEL BOUZO FERNÁNDEZ  
PARTOS E DOENZAS DA MULLER

Situado na carretera da Loña, prasefícase n-o todo crás d'operacións de Cirugía gáral, especialidáis, ginecología, etc., etc.  
A pensión é de 10 peseiros diarios, inclusa n-o a manutenza, material de cures e visita médica diaria. As operacións e tratamentos,  
especialís serán oujeto de trato anterior.

Hal Gabinete de RAYO X, aparato de DIATERMIA (para tratall-as anexilis, etc.) e o material eléctrico preciso para diagnósticos

e tratamentos.

NOTA: Hal de cole material esterilizado para operacións d'urxencia p'os enfermos que non se podan traxer á Sanatorio  
e mais para partos, adentro e fóra da cidade.

Para informes, pódese escribir a calquera dos médicos do establecemento.

OURENSE

Carretera da Loña

Teléfono 179

Púxose à venda o primeiro volume da

**Biblioteca do Seminario de Estudos Galegos**

**O S N E N O S**

por Xosé Filgueira Valverde,

Pida o seu exemplar a Ademistración de LAR  
Real 36 -- 1.<sup>o</sup> A Cruña

Axiña aparecerá o primeiro volume da

**BIBLIOTECA TEATRAL "LAR"**  
que comprende a comedia

**O Corazón d'un Pedáneo**

orixinal de

**Leandro Carré Alvarellos**

Seguirá **A Biblioteca de novelas Galegas**, que  
pubricará grandes novelas orixinales dos melhores  
escritores da nosa Terra

Os suscritores da pubricación de nove-  
las curtas **LAR** terán ventaxas para  
a adquisición de estas obras

---

**Imprenta LAR**

REAL, 36 1.<sup>o</sup> - A CRUÑA

TRASMITA OS SEUS  
ENCARGOS TIPOGRA-  
FICOS A ESTA IMPRENTA



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano VI      \*      Ourense 15 Novembro 1925      \*      Núm. 23

C A N T A R E S

(Da colección de 230, que axiña se  
publicará, premiada no Certame cele-  
brado dendeiramente en Lugo).

*Negocio feito entre moltos  
mais que negocio é ruina;  
compañías, c'a muller,  
y-as veces, ainda, ainda...*

*A rapaza n'está mal  
si non fora pol-o andado;  
aqueil que lle fixo o cesto  
que tamén lle poña o aro.*

*Tenso no peto un buraco  
e perdiñ unha cadelo;  
jáli onde perdas non hai  
todo se volve miseria!*

*N'hai sardiña sin espiña,  
nin besta sin unha amata,  
nin cadelo que non ladre,  
nin moza abondo gardada.*

*Estou ceguiño por ti,  
y-así non te ha de admirar  
que ó que non vexa cos ollos  
trate de botarille a mau.*

*Por molto que un se aprovelte,  
sempre algo deixá pra os outros;  
ben galinhas dormen fora,  
y-a todas n'as ve o raposo.*

*Nin toda festa ha ser gaifa,  
nin calquer día domingo,  
nin sempre á muller casada  
ha de estar ;Meu maridiño!*

*Sei de bastantes mocínas  
que andan pensando de cote  
que os negocios rixen mal,  
si de eles non terma un home.*

*Ti non fagal-a primeira,  
porque despóis, miña filla,  
xa se sabe: sobre un ovo  
ha de poñel-a galliña.*

*Ó novo que moiyo reza  
y-ó vello que moiyo auna,  
lévaos pra casa, que a min  
non me fan falla ningunha.*

*Sempre con espiñas nace  
o cardo que ha de picar;  
tamén o fillo do lobo  
sempre ha nacer lobicán.*

*Morreu de parto unha amiga  
de unha solteirona fea,  
y-ésta, ó instante de sabelo,  
sospirou: - ¡Dichosa de ela!*

ANTONIO COUCEIRO FREIJOMIL



## OS POETAS ATLÁNTICOS



do ou homildemente apegados á terra da patria, geradas un ecoar salgado do Atlántico, todos sodes - ás veces sen querelo - fillos da grande raza espiritual dos Fisterres, da raza cósmica y-eterna, da úneca que garda un ollar sinxelo e creador baixo as más diferentes e compretas culturas. Portugal e Galiza ven en vos bardos irmáns dos seus. Por iso adicámoslles estas lembranzas imperfeitas e probes, mais cheas de simpatía que nasce da comunidade espiritual que xunta ós que miramos a diaria morte do sol no horizonte misiereoso do Océano ouidental.

Pra fazer un traballo compreño cumpriría molto tempo, unha forte preparación, unha formidabre biblioteca instalada na soedade meditativa d'un pazo mariñán ou montañés, a comunicación cos especialistas d'estas cousas... Mais pol-o d'agora soilo queremós sinalar unha das angueiras más precisas pra formación da nosa cultura. Tampouco precurdámol-as orixes, envoltas na alborada das lín-goas medievais, nin o latexar do espírito atlántico nas formas variadas do clasicismo, nin a sua influenza cícais esencial no xurdir do Ro-

Poetas bretóns; normandos, flamengos, vascos, gaélicos, ingreses, irlandeses, poetas que en francés, en inglés, en céltigo, en tantos idiomas ampliamente espallados pol-o mun-

manismo, nin oufros lantos fermosos e suxe-rentes probremos. Modestamente entraremos no frorido domar das letras francesas dende o *Parnaso*, atopando en pirmeiro lugar a figura sempre e poderosa de Leconte de Lisle.

O autor dos *Poèmes antiques*, tan perfeito e solitario traballador do verso, o namorado sacerdote das formas puras das ideias gregas, da familia dos bardos? Non parece estrano: Leconte viña de xente vella da Bretaña y-estabrecedo algún tempo en Rennes conoceu o encanto das terras celtas. Por certo que viaxando a pé pol-a vella Armórica, en compañía do pintor Theodoro Rousseau, estivo a piques de morrer surprendido pol-a marea ó pé da célebre penediado Monte Saint Michel. O tradutor d'Homero e dos Himnos órficos, o namorado da traxedia esquiliana, buscaba cícais unha pureza d'orixes mais que unha ausoluta disciplina da arte baixo o imperativo das regras da beleza helénica. Tamén ll'intresou a India vella y-o espellismo dos mares de coral, outras das grandes forzas renovadoras da arte europea no siglo derradeiro. Aquela forza sinxela e primitiva qu'il buscaba non está lonxe do espírito celta que levaba no sangue. Aquela interpretación das pasións do home prec-cristiano non está lonxe da maneira do noso Pondal, tamén coma Leconte outo e soilo. Inda na sua forte e severa escola, hai un 'senso nórdico (*Poèmes barbares: Le cœur de Hjalmar, Les Elfes*, etc.) e cosmicamente atlántico:

«O mers, o bois songeurs, voz pleuse du monde,  
Vous m'avez répondu durant mes jours mauvais;  
Vous avez apaisé ma tristesse inféconde,  
Et dans mon cœur aussi vous chantez à jamais»

Si non tratáramos soilo dos poetas, cumpría

unha lembranza do ensōño e da maximación irónica de Villiers de l'Isle Adam («Cela fait songer aux images grotesques que forment parfois les grandes rochers») di Georges Rodembach falando de Villiers) e inda mais do normando Barbey d'Aurevilly, cantor en prosa dos kermos da veiramar atlántica e do catolicismo medieval. Os dous escribiron versos, mais un poeta atlántico representativo, ó seu xeito, témolo nos versos de *Les Amours jaunes* (1875-1891) de Tristan Corbiere. É un dos rares de Rubén Darío. Fillo de mariño, naceu e morreu en Morlaix, no curazón da Bretaña, antrós montes d'Arrée e a tempestosa ria de Roscoff, o Corme armoricano. Viveu cos pescadores, sempre visitou de mariñeiro e dormiu en hamaca. O vento salgado do Atlántico, cargado dos chios das pillaras, pasa polas suas estrofes nervosas, malencóneas, d'unha angústiosa ironía. A voz do mar faixe niste poeta scherzante, bulreira, non ten a gravedade do órgano cósmico, senón os xogos satíricos do nordés no naufraxio. Sinteu Corbiere a língua y-as maneiras dos homes de mar afelitos á morte compaixenta e a pensar que

«...l'âme d'un matelot  
Au lieu de suinter dans vos pommes de terre,  
Respire à chaque flot.»

Sempre que visito o xardín da Cruña onde dorme o xeneral Moore, lémbrome da Berceuse en nord-ouest mineur: *Au vieux Roscoff*

«Dors, vieille coque bien ancrée;  
Les margais et les cormorans,  
Tes grands poètes d'ouragans,  
Viendront chanter à la marée.»

O ilustre latinista Federico Plessis gardou baixo o culto da poesía romana de Andrónicos e Rutilio Namatiano, a lembranza de Brest, sua patria; cantou a Septimio Severo nos nevoellos d'Escocia, y-as costas desertas da Bretaña.

*Les Jongleurs de Kermartin* (1892), *Ivonne au Du*, *Sur la Harpe*; *La Bretagne qui chante* (1903), *Ar Mor*, *La Bretagne qui croit* (*Par-dons et pelerinages en Bretagne*) figuran na bibliografía de Lois Tiercelin, o xefe do movemento literario celto-bretón nos derradeiros anos do siglo XIX. Os ensenios do poeta van cas nobes do sol-por na costa de Kerazur:

«Ainsi s'en vont au loin, très subtils et très doux,  
Dans le silence et la solitude avec vous,  
Mes rêves gris, mes rêves bleus, mes rêves roses.»

O conocido novelista Paul Bourget principiou publicando pol-o menos tres volumes de poemas (*Au bord de la mer*, *La vie inquiète*, *Les Aveux*). A girexina ó pé da mar lembra unha capela gallega da costa de Muxía:

«La chapelle est tapie au creux d'un grand rocher»

Escribiu cancions bretonas:

«Je composais ces vers en descendant la grève,  
Au retour du pardon de Saint Michel. La bas  
À l'horizon, je vois la mer qui se souleve...»

Sen nos parar na verba violenta, escumante, de Richépin, cantor da xente do mar, nos cadriños do crítico Jules Lemaître (as gaivotas son: *les grands papillons qui butinent les mers*) nin en lantos outros, pois París está ben perto da costa da Mancha, pararemos un instantio en dous poetas: Theophile Feret e Charles Le Goffic, fundamentalmente suixerentes, sobre todo o primeiro. Autor d'ensayos e artigos sobre os poetas normandos e sobre os orixes danesas da arte de Villon, Theophile Feret tense por un dos derradeiros representantes da raza Wikings e gabese de ser un bárbaro:

«Le parler du valenc sonne dans ma harangue  
Pas son ame...»

Naceu nun dos portos mais curiosos de Francia, en Quilleboeuf, no esteiro da Sena fundado polos daneses de Kilboe e chamado noutrora a *vila dos pilotos*. Endexamais escribiu nos xornais de París. A sua inspiración isolada e feroz, ven en liña recta das illas Feroe, dos Reises do Mar, e soilo quer coma poesía normando, que o amor pague as suas cancions e que lle procuren o Paraíso dos Wikings.

Le Goffic ten duas novelas célticas de pasión e ambenie: *Morgane* e *Le crucifié de Keralés*. O ar do Atlántico brua nos ameneiros de Kerrououx e cruza os poemas de *Amour, Breton*:

«Fraîche et rieuse et virginal  
Vous m'apparut à Coatmer  
Blanche dans la pourpre automnale  
Du soleil couchant sur la mer.»

RAMÓN OTERO PEDRAYO

Cerveza MAHOU

A MILLOR D'ESPAÑA



# A PONTE DE VIDÁN



Traballo presentado ao Seminario de Estudos Galegos o 9 de Febreiro do 1919.

**N**olugarde Vidán, a uns 2 Km. car'o SW. de Compostela, por onde discorre con pouco desnivel o río Sarela, ímpase á dereita da estrada que conduz a Noya, denantes de chegar á ponte pol-a que aquela salva o río, e deitado sobr'iste, un arco adovelado de rexo e duro granito ao que, a común créncia dos que o coñecen, fén por román.

Feito, sen dúbida, en data alonxada, inda segue o río pasando por baixo d'il, embora sexa tan só en parte, pois denantes d'il chegar dividese, e parte do caudal, topando un nivel mais baixo, reverte en pequena fervenza car'a Isquerda voltando a xunguirense os dous ramales cousa de 100 m. escasos mais adiante.

A ponte é un sinxelíño arco, co'as pedras indispensables pra non s'esborrallear; tan só no extremo ouestinal inda conserva restos que mostran o arranque da calzada. Está ourentado de L. a W. por mor da dirección do río que é de N. a S. n'aquele sitio algo constante. Ten unha outura de 1,50 m. sobre o nível do río. Hoxe paresce mais pequeno do que realmente debiu ser por se topar, segundo coido, algo afundido, non porque tivesen cedido os puntos nos que se apoia, senón por terse erguido o nível do río.

Tal como hoxe s'olla forma un arco rebaxado, de curvatura perfecta, de grosas dovelas graníticas, apareladas en perfeito isodónum (dazasete por cada banda), admirablemente asentadas. A sua estabilidade, a través do longo tempo que o seu mesmo aspeito denuncia, fei coidar que os seus extremos están maniglicamente soportados na dura pena. As presións e resistencias que as suas dovelas exercen e soportan están tan ben repartidas que, non falando a firmeza dos seus cimentos o arco perdurará ainda longo tempo.

Non pasou o mesmo, co'a calzada que d'il se servía; a partir da ponte, nas duas direcções,

háchase esborrallada deica unha distancia apróximada de 50 m. car'o W. no que volta a atoparse. Da banda de Sant'Iago non resta vestixio ningún da tal calzada, cousa non d'estranar pol-a calidá das terras que debiu atravesar; arcilosas, lixeiras e molto pinas son facilmente levadas pol-as augas da chuva e sin parar renovadas pol-os materiais d'acarreo arrastrados polos regatos que por elas percorreu, sendo pols de crér que istas terras tefian cuberto a devandita calzada.

Isto na ribeira isquerda; na dereita do río, non lonxe da ponte da estrada (uns 25 pasos) atópase a secuencia dun camiño antigo que cingundo a aba do monte do Seixo, e despois d'unha volta regular, erguiuse ao fin e ourentábase na dirección SL a NW, dividindose axiña en dous ramales: do que la car'o N. perdeuse logo todo siñal o do S. atravesa a actual estrada e vai a xunguirse en Ponte Vella con outro camiño, tamén secular, que se dirixe a A Maia.

É iste camiño unha vella calzada cuies pedras nalgúns anacos desaparecidas, n'outros están admiravelmente conservadas, como no punto da bifurcación. Iste e maillos outros anacos denuncian unha calzada que hoxe énos caseque por enteiro descoñecida (1).

Unha das causas que se deben ter presentes ao estudar as calzadas é a sua dirección, o punto a onde s'endereilan; a nosa calzada, a julgar pol-a dirección que trai de molto antes de chegar á ponte, encamíñabase a Sant'Iago e pasou pol-a ponte que nos ocupa, mais devido ás péssimas condicíos do camiño, mais acó da ponte (sobre todo no tempo das chuvias) fixose despois un ramal, que partindo da

(1) Un detalle curioso pra defender a sua antigüidade é o montón de terra d'áulivón que a cubre (à calzada) ao sair da ponte en dirección ouestinal e que chega a levantar 1,50 m. Só mellante cantidade de terra arrasada pol-a auga do próximo monte, supón varios séculos de incessante acarreo e mostra tamén os que pasaron desde que a ponte deixou de se utilizar, xa que este monólito inutilizou a calzada á entrada da ponte.

vella calzada no outo do monte do Seixo, véno bordeando á vez que decende a salva e Sarela por unha pequena ponte de dous arcos adintelados, a ús 300 pesos mais arriba que o antigo. Xa na veira isquerda este ramal posterior ascendía car a Sant-Iago, casequ'en liña recta, coutaba a caixa da estrada de San Lorenzo e por elíxí entraña na ciadá, despois de bordear o Bosque da Condesa; inda se atopan os seus restos no campo que separa a estrada do dito bosque.

Iste camiño liña sobre o antigo duas ventaxas pol-o menos: o ser mais curto, pois endereitábase reitamente ao centro da ciadá e o es-

tar feito sobre terreo firme, que a non ser na veira do río é todo pena viva.

Endeben: e fácil enxergar que a calzada que pasaba encol da ponte de Vildán, feita probablemente na época román, non-o foi precisamente pra vir a Sant-Iago pol-a sinxela razón de que non existía daquela. Era pois unha via que partindo d'outra, tanto ou mais importante (1) dirixíase a algunha poboación (2) ou bisbarra importante.

XOSÉ PENA E PENA

(1) Ciclos a de Bercera - Asturias per loca marítima.

(2) Aseconia?

## O Congreso d'Economía Galega en Lugo

### I

**N**o noso número derradeiro dixemos qu'íbamos falar, co-a extensión de que foi merecente, do *Pirmero Congreso d'Economía Galega* que obedecendo á idea ben dina de gabanza de Don Eduardo Rosón, un bó fillo de terra, tívose en Lugo os días 7, 8 e 9 do mes d'outono que pasou.

Á glosa preliminar e geral qu'íbamos faguer, adiantóusenos o noso colaborador Antón Vilar Ponte, quen de cote esperto e agudo, puxo de manifesto n'un artigo publicado en *Galicia* de Vigo, a sinificación histórica d'aquel Congreso. Esprica ali Antón Vilar a importancia do feito de terse juntado en Lugo coma congresistas caseque todal-as persoas de recoñecida solvencia intelectual qu'estudan os problemas peculiares de Galiza; siñala a diferencia fundamental entre as Asambleas agrarias de Monforte, Ribadavia e demais, e o Congreso lucense, no que por riba do criterio puramente realista e pragmático, precurrouse chegar á concepción idealista da Galiza integral, enxergándoa na sua continuidade histórica; fat decaitar ó leitor de como o labor das Irmandades da Fala e as Asambleas nacionalistas – principiando pol-a que houbo precisamente en Lugo no ano 1918 – foron o verdadeiro e preciso precedente d'iste Congreso de 1925.

Por todas estas razós, e por moitas mais compre qu'aquel acontecemento non quede esquecido, que se fale d'il, que s'estude n'as suas concruições, e que se vaian preparando os que o hexan de continuar.

### II

Os temas do Congreso foron os seguintes:

*Agricultura:* Trasformación de cultivos. – Abonos e máquinas. – Regos y-elevadores d'auga. – Repoboación forestal. – Aproveitamento do secano. – Plano agronómico. – Gandería. – División da propriedade. – Foros. – Seguros das colleitas.

*Gandería:* Selección. – Paradas. – Estabulación. – Vacunas.

*Industrias derivadas:* Da madeira. – Do leite. – Matadeiros. – Encurtidos. – Conservas de vitela, legumes, froitas, etc. – Vinificación, sidra, destilerías y-embotellado. – Froricultura. – Cultivo da oliveira e produción d'olios d'aceitona, ricino, noz, etc.

*Outras industrias:* Minas. – Fervenzas. – Cementos. – Nitrógeno. – Abonos químicos. – Fundiciós. – Prabición d'automóviles. – Idem de maquinaria agrícola. – Tecidos. – Vidro. – Papel. – Agricultura. – Cerámica. – Sericultura. – Caza e pesca.

*Enseñanza:* Escolas de capataces d'agricultura. – Idem d'artes, oficios e novas industrias

- Normas d'esprotación do casar galego en vales e montañas. - Reforma do 1.º ensenzo na poboación rural. - Pensións pra ampliación d'estudos.

*Comunicacións e trasportes:* Camiños de ferro. - Estrados. - Camiños. - Trasportes marítimos. - Correios e teléfonos.

*Novas institucións:* Organización do creto agrícola asegún as necesidades da nosa terra. - Ordeación bancaria regional - Cooperativas de producción.

*Finanzas:* Unificación e modificación dos trabucos e da sua cobranza. - Apricación dos de plusvalía. - Reforma da recaudación.

*Comercio:* Exportación de mercancías galegas. - Importación das que compren. - Feiras de mostras. - Depósitos frances. - Escolas de Comercio. - Creto comercial.

*Arte, literatura, etc.* O moble galego. - Novo modelo de casa labrega. - Catálogo da nosa riqueza artística en todolos ordes das Belas Artes. - Folk-lore. - Edición barata de gramática, dicionario e compendio d'história galegos. - Idem idem de clásicos. - Creación d'unha Academia da Historia.

*Turismo:* Album de paisaxes, fortalezas, templos, esculturas, sitios históricos, etc. - Hoteles. - Constitución d'organismos pro fomento do turismo. - Propaganda.

*Gobierno municipal rural:* A parroquia, entidade local. - Jurados parroquiás. - Estadística e informes. - Reforma da administración e organización municipal en todolos seus aspeitos. - Problèmes d'hygiene e saneamento.

*Gobierno regional:* Concertos co Estado nacional. - Reforma de servizos. - Asamblea e governo regionás.

*Emigración:* Estudo da chamada «golondrina». - Relación de Galiza cos seus emigrados. - Istrucción e defensa do emigrante.

*Chagas sociás:* A mendicidad. - O alcoholismo. - A prostitución.

*Defensa social:* Contra dos atropelamentos dos funcionarios públicos. - Contrás propagandas ausurda. - Contra difamación.

À nosa maneira de ver, a especialidade d'iste programa é a intuición caseque perfeita da solidariedade dos nosos problemas uns cos outros, da sua interdependencia, e asína, vemos, por entremedias dos temas puramente económicos, meterse outros de carauta politico-so-

## NÓS

cial e cultural que coles teñen relación estreita. Eiquí, coma nas campañas anteriores dos Precursores, dende Faraldo a Brañas; coma nas mais novas das Irmandades; coma nos traballos recentes d'Eloy Luis André, o idealismo acende a sua lámpada guieira.

## III

O Congreso abriuse no soberbo salón de festas do sonado Círculo das Artes de Lugo, o día 7 do mes d'Outono ás once da mañá, presidindo o general D. Valeriano Villanueva, co Sr. Rosón, o Gobernador militar, a profesora Sra. Arcal, o Delegado d'Hacienda, o Deán da Catedral, o representante da Cámara de Comercio de Vigo, o presidente da de Lugo e o vice da de Festas. Despois da ceremonia d'apertura, na que falaron os Sres. Rosón e Villanueva, constitúuse o Congreso nas seguintes seccións:

*Agricultura.* - Presidente, D. Juan Farías; vice, D. Andrés Corral; Secretario, D. Modesto Gómez Otero.

*Ganadería 1.ª.* - Presidente, D. Leopoldo H. Robredo; vice, D. Ramón Blanco; Secretario, D. Jesús Carballo.

*Ganadería 2.ª.* - Presidente, D. Juan Rof Codina; vice, D. Martín Lázaro; Secretario, D. Daniel Varela.

*Industrias derivadas.* - Presidente, D. Ventura Alvarado; vice, D. Luís S. Arrieta; Secretario, D. Ramón García Pardo.

*Finanza.* - Presidente, D. Antonio Valcárcel; vice, D. Antonio Piñeiro Maseda; Secretario, D. Claudio Rodríguez.

*Comercio.* - Presidente, D. A. González Ortiz; vice, D. Juan Vich; Secretario, D. José Gayoso Castro.

*Arte.* - Presidente, D. Leoncio Bescansa; vice, D. Angel del Castillo; Secretario, D. Ramiro Saiz.

*Literatura.* - Presidente, D. Manuel Amor Meilán; vice, D. Eugenio Carré; Secretario, D. Luis Soto Menor.

*Outras industrias.* - Presidente, D. Ramón del Cuelo; vice, D. Pablo Escobar; Secretario, D. Pedro Basanta.

*Enseñanza.* - Presidente, D. Cirilo R. Bustamante; vice, D. José María Santiago Charfolé; Secretario, D. Manuel López Gutiérrez.

*Comunicacións.* - Presidente, D. Antonio

Peralba; vice, D. Julio Núñez; Secretario, don Bautista Varela.

*Novas industrias.* — Presidente, D. Pedro Berrié; vice, D. Jacobo Arias; Secretario, don José Pérez.

*Turismo.* — Presidente, D. Ramón Fernández Mato; vice, D. Raúl Neira; Secretario, D. Evaristo Correa Calderón.

*Gobierno municipal.* — Presidente, D. Vicente Risco; vice, D. Eduardo Rosón; Secretario, D. E. Costas.

*Gobierno regional.* — Presidente, D. José García Acuria; vice, D. Antonio Losada Diéguez; Secretario, D. Rodrigo de la Peña.

*Emigración.* — Presidente, D. Germán Mar-

tínez Mendoza; vice, D. Antonio Villar Ponte; Secretario, D. Andrés Muruais.

*Chagas sociás.* — Presidente, D. José Pérez Porto; vice, D. Isaac Correa Calderón; D. Salvador Sanz.

*Defensa social.* — Presidente, D. Domingo Bueno; vice, D. Sergio Castilla; Secretario, señor Hinojal.

Estas seccións ajuntaronse despois arredadeamente en diferentes lugares públicos, pra redactaren as duas ponencias. Traballaron arreto no serán do día 7 y-en todo o día 8, e na mañá do día 9, as porcendas foron sendo postas en maus da Mesa, pra seren lidas e discutidas na sesión derradeira, que principiou a melodia no mesmo Círculo das Artes.

## A EDADE DO FERRO NA GALIZA

(Proseguimento)

Pero debemos deducir d'iste único dato que a invasión ibérica chegara hasta Galiza? Podemos supor qu'os Lusitanos, qu'aparecen en Ptolomeu (1) com'unha tribo mais entr'as tribus do actual Portugal, tiveran forza pr'estenderen a sua dominanza pol-a mor parte de nosa rexión? De ningunha maneira! Os Iberos disfrutaron nos tempos protohistóricos d'unha persoalidade definida e crara, y-onde queire que se superpuixeran ós Celtas, tal superposición ten o seu comprobante arqueológico. En Castela, a cultura de Numancia, pone no canto da cultura das necrópolis de Soria e de Guadalajara; en Portugal, as estaciós de Guifões e de São Julião representan netamente a introdución d'un elemento novo no meio céltigo anterior. Mais elquí en Galiza nada hai de semellante e os oujetos ibéricos fallan por completo nos nosos jacimentos, y-en froques oujetos e nomes célticos atopanse en toda a estensión da terra galega. Puñás d'antenas, torques brazaletes e fibulas derivadas de tipos hallstáticos, teñen aparecido o mesmo en Ortigueira y-en Mondomédo, que nas riberas da Arnoia e do Támega, e nomes cula filiación celta está admitida por autoridades tan prestixiosas como Dottin (2) e Garofalo (3).

(1) Strabon II. V.

(2) Manuel

(3) *Sui Celti nella Península Ibérica. Boletín de la Academia de la Historia*, I., XXXIV, pag. 97.

alcóntrase espallados tamén por toda Galiza. E temos no N as cidades d'Ardobriga e Novium (1), no ponente as vilas d'Ebura (2) y-Arbóriga (3), no centro o oppidum de Nemotobriga, (4) nas terras rayanas do Portugul a mansión de Caladunum (5) e nos vales de Sil ou do Miño o monte Medullo, (6) pr'amostrar-nos a estensión da fala céltiga no noso chán.

Mais non é esto soilo. Como fai observar Dechelette, as mesmas tribus galas, por efecto das suas emigracións, aparecen simultáneamente en distintos lugares, y-alconfranxe así, antr'outros, Parisii e Belgae na Galia e na Gran Bretaña, e Ligóns e Senóns na Galia e na Italia. Pois ben, estas coincidencias de nome danse tamén nas tribus galegas. Os Querquenos (7) do val do Limia, teñen seu homónimo nos Quarquenos (8) da Traspadana; os Britóns (9) do Convento Lucense, chámase da mesma maneira, qu'os Britóns do condado de York; os Brigantinos (10) das terras (11) cru-

(1) Mela, III, I. Ptolomeo II, XXI.

(2) Mela III, I.

(3) Plinio IV, 34.

(4) Ptolomeo II, XXXVI. Itinerario d'Antonino.

(5) Minerario d'Antonino.

(6) Floro IV, 12. Orosio VI, 21.

(7) Plinio III, 4. C. L. 2477.

(8) Plinio III, 23.

(9) Britonia foi cabeza d'unha diócesis, aparecendo o seu nome nos concilios de Braga. Estaba situada perto de Mondomédo.

(10) Ptolomeo II, II. Dion XXXVII, 55.

(11) Tacito XII, 32. Strabon IV, IV, 8.

fiesas correspóndense c'os *Brigantinos* da Reitia, da Ingraterra e da Irlanda, y-a mesma raiz *cale* ou *gale* de *Calecos* (1) atopase nos *Calecos* da Beluria e da Francia. (2)

Temos polo tanto unha arqueología protohistórica galega totalmente céltiga e temos á sua beira unha onomástica na qu'hai d'abondo verbas do mesmo orige. Como logo veremos, a relixión, usos e costumes, dos antigos galegos presentan notables identidades co-as dos Galos do centro d'Europa. Y-ante datos tan firmes, e feitos tan elocuentes qué s'erguen frente a helenismos ausurdos e iberismos unicificadores, debemos declarar que durante a Edade do Ferro, Galiza inteira d'un cabo ó outro, do fondo á cima, tivo unha cultura única y-escrusivamente céltica.

Mais debe adeverirse agora, qu'iste concepto d'unidade cultural non encerra en si ninmoito menos unha idead'unidade racial. É indudávele qu'os Celtas qu'entraron n'esta terra debían ser en número d'abondo pr'estenderse, dominar e impor alíxina a sua civilización en toda ela; mais nin a falla ausoluta de documentos antropológicos coetáneos á nosa Edade do Ferro, nin a incerteza que reina en col do tipo fisico dos Celtas, nin a penuria d'informacións relativas á nosa actual antropología, nos permiten arriscar acerca da formación da raza galega dos tempos protohistóricos, ningunha afirmación categórica.

É certo qu'algúns antropólogos hespañois chaman Celtas ós braquicéfalos predominantes hoxe en Galiza (4) e principalmente nas suas regiós N; pero tal braquicefalia aparece enlazada co-a da costa Cantábrica (Asturias-Santander) onde, nin a arqueología nin os textos acusan a presencia dos Celtas, e onde ademais por achados de cráneos eneolíticos en Asturias, teñen amosado a anterioridade de tal caraute á invasión céltiga. É certo tamén que Ricardo Severo e Fonseca Cardoso (5) teñen atopado nas necrópolis de Ferrestello e do Deserto, no osuario da freguesia de Ferreiró (6) e

## NÓS

tamén nos atuais miñotos, tipos (1) qu'iden-tifican coma *Gauleses* (dolicocéfalos loiros); pero Leite de Vasconcellos oujetou e non sen razón, qu'as caraterísticas nórdicas n'eles observadas, podía provir moi ben da invasión sueva. (2)

Por outra lado, o tipo fisico dos Celtas non está determinado con exactitude. Os antropólogos divídeno en duas ramas: unha braquicefala, de cabelo castaño e de pequena estatura (a Celta) y-outra dolicocéfala, outa e de cabelos loiros (a Gaulesa). Dos textos dos escritores grecos e romanos, tirase sollo qu'eran os Celtas outos e loiros, anque mais baixos e de coor mais morena qu'os Germanos. O esame dos restos óseos de Hallstatt e de la Tene, denuncia unha povoación en geral dolicocéfala misturada, na Galia oriental con tipos braquicefalus de Grenelle, e d'estatura mais ben mediana qu'outa (1 m. 66, no Marne, e 1.70 en Vindelicia, asegún Vacher). (3) Vése polo tanto qu'o tipo céltico non presenta carateres ó parecer de grande homogeneidad, ainda en países onde levava aquil povo longos séculos de residencia.

Mais eiquí en Galiza, esa raza, homogénea ou non, debeu necesariamente superponerse a outra mais antiga, formada cecais a imitanza da dos *kjøekkenmoedingen* de Mugem, por dolicocéfalos (o *Homo Afer*, variedá *Taganus*, de Mendes Correa) e braquicefalus (o *proto-braquimorfo*, o *protoesfenoidé* y-o *ortobraquimorfo* do mesmo autor), misturado con elementos de Banmes-Chandes identificados en Portugal por Mendes Correa, e con braquicefalus de tipo asturián, povo que probabelmente sería o que eiquí puliu a pedra, ergueu os dolmens, e fundiu as espadas y-os machados de bronce, povo en fin, cujo tipo debía d'acusarse vigorosamente na gente galega da Edade do Ferro, anque as verbas de San Isidoro ó falar da coor branca dos habitantes de Galiza parece indicar certo predominio d'unha raza loira. (4)

## VI

### A ORGANIZACION POLÍTECA

Nos textos aparece Galiza dividida entre

(1) Plinio III, 4.  
(2) César De Bello Gallico. Plinio IV, 22.  
(3) Vex, principalmente a obra d'Oloriz en col da repartición do índice céfálico na España.  
(4) Portugal II, II.  
(5) Portugal II, I.  
(6) Portugal II, I. O miñoto entre o Cavado e Ancora.

(1) Arqueólogo Portugués., t. XI, nos comentarios os tomos I e II da Portugal.  
(2) L'Aryen, cit. por Doflin, Manuel, pag. 143.  
(3) Raça e Nacionalidade, Porto 1919 e Homo, Porto, 1921.  
(4) Cr. na Hispania de Schulten.

disíntas tribus, cuio número non podemos saber de certo, já qu'as trinta que conta Strabon (1) antr'o Tajo y os Artabros eran en gran parte lusitanas, y as sesenta e duas que menciona Plinio (2) habitaban nos tres conventos de Lucus, Bracara y Asturica, cuia Jurisdición collía territorios que pertenecen hoxe a Portugal, ás Asturias y a Castela.

Mais tales tribus, calquera que fose o seu número, non constituían a derradeira agrupación politeca entón existente. Baixo o nome de Presamarcos, Arrotrebas ou Quarquernos, non se desinxeban núcleos politecos homogéneos, senón conjuntos de comunidades ligadas antre si por algún vínculo federativo, pero que debían conservar en moitos respeitos unha completa autonomía. Este feito non consignado en ningún autor contemporáneo, mais percibido já pola crara visión crítica do Sr. Maciñeira; (3) dedúcese da gran cantidad de castros existentes en Galiza, cuio número fai ascender o meu sabio amigo Angel del Castillo (4) a 5.800. Porqu'os castros, a semellanza dos *arx* itálicos, e dos *pur* dos Aryos, revelan sempre a presenza d'unha colectividade politeca, y alcontrándose tan vastos en Galicia, e sendo tan frecuente nos povos Celtas as supervivencias gentilicias, debemos supor que cada un d'eles servía de centro a un clan ou unha gens, qu'ali tiña, a mais d'un lugar de refuxo, a sede das suas asambleas e dos seus mercados y o fogar dos seus penates. Porque na época da sua entrada en Galiza, os Celtas, mais pastores qu'agricultores, non colectaban a vida cibdadán. A cultura de Hallstatt non conta en ningures con verdadeiras vilas, y os Berybrates, irmans dos nosos Saeves, tiñan, segundo Avleno, (5) costumes de brava rudeza pastoril. E así o castro non debiu ser n'un principio mais qu'o castelo forte ond'as gentes a il adscritas buscaban protección nos días de lotta, pra voltaren unha vez pasado o perigo ás suas cabanas de ramallo e colmo, erguelas en prena campia.

Pero n'unha data que non podemos precisar con exactitude, mais que pode ser non su-

bira do século IIII denantes de Jesucristo, algúns d'estes castros comenzaron a povoarese d'edificios de pedra, e tras dos seus muros, xurdíu o núcleo urbán que se coñece co nome de *citania*. A qu'obedeceu iste troque nas condicións de vida das gentes galegas? A un mor desenrollo do sedentarismo agrícola? A un estado prolongado de guerras, provocado pola chegada dos Celtas do O de Portugal rempuñados caro? N polo movemento dos povos ibéricos e tartesios, e qu'obrigara ós antigos habitantes do noso chán a establecerse permanentemente nos seus castelos? Non se sabe. Cecais a derradeira suposición sexa a mais probable, s'atendemos a qu'as citanias aparecen mais vastas no S que no N da Gallecia, mais o que si sabemos certamente, é qu'esta iniciación da vida urbán non chegou a adequirir gran desenvolvemento. As citanias son mais ben aldeas fortificadas que verdadeiras vilas; os seus edificios son pequenos e probes, e por un castro que presenta as ruínas das caraterísticas habitaciós redondas, trinta non ofrecen no seu recinto ningún sinal d'habitación permanente. Y-en tales condicións nada ten d'estranho qu'iste urbanismo embrionario non afeudara ó sistema politeco das nosas tribus, e qu'o régimen gentilicio seguiría imperando ainda despois da conquista romana, sin se por no seu canto un régimen municipal mais ou menos perfeito.

Acerca do goberno interior d'estas agrupacións politecas, da natureza dos lazos qu'as avencellaban, ou das rivalidades qu'as afastaban, carecemos en ausolio d'informacións. Soilo Strabon (1) nos dí qu'as guerras eran tan frecuentes antr'os galegos, qu'os homes abandoaban os coldados da terra pra s'adicaren por completo ó oficio de soldados. Mais a pesar d'iste feroz particularismo, n'unha ocasión polo menos parece qu'as nosas tribus esqueceron as suas xenreiras pra fazer cara a un perigo común. O exército qu'opuxeron ás legiós de Decimo Junio Bruto, e no cal gabábas'iste general de ter causado 50.000 (2) baxas n'unha soila batalla, debía ter, deixando a un lado posibles fantasías do caudillo romano, un número tan grande de soldados que fai pensar n'unha alianza de todal-as comunidades

(1) III, 1, 5.

(2) III, 4.

(3) *Castros Prehistóricos de Galicia. Revista crítica de Historia y Literatura Española e Hispano Americana*, 1894 n. 7.

(4) *Los Castros Gallegos II Edición Cruda* 1908, pag., 5.

(5) *Ora Marítima in Pontes Hispaniae Antiquae* de Schulzen-Bosch.

(1) III, 1, 5.

(2) Orosio V, V, 12.

galegas, semellante á qu'os Celtas de Francia formaron pra combatiñ a César. Mais non podemos saber s'esta alianza, que cecais se repiteu nas guerras cantabras, foi debida a existir en Galiza certa concencia nacional, ou soilo ólperio das circunstancias do momento.

Temos pol-o tanto e cóma principal caraíteca dò sistema político dos antigos habitantes d'esta terra, a sua división n-un número considerabre de pequenas colectividád. Pero tal sistema, era somente propio e peculiar de Galiza ou reinaba tamén n-outras regiós peninsulares? Schulten incrinase a esta derradeira suposición. Pra il, o castelo, o castro, coma unidade política, existe tanto na Galiza e no Portugal, coma na Meseta, e non vacila en otorgar a iste grito especial d'organización un orixe ibero. (1) Na nosa humilde opinión, o sabio Profesor alemán incurre eiqui n-un erro consideravele. A arqueología dos nosos castros é escrusivamente céltiga, coma célticos son os nomes dalgúns d'eles (*Calubriga Meidunio*), que nos conservou a epigrafía. Por outra parte, e cóma já dixemos, na Galiza fala toda sinal ibérica nos jacimentos, e n-estas condicíos non se pode ademilir a existencia d'un infruxo d'esta raza capaz de modificar un sistema político anterior. Seguramente, na época da conquista romana, habería semellanza na constitución das comunidád do C e do W da Península, mais estas semellanzas poden atribuirse milloras supervivencias celtas da Meseta, patentes tamén en certos nomes de tribus, deuses e persoas (*Arevacos, os Lugoves; Reitógenes, Caro*) qu'a imposibres ingerencias ibéricas na nosa etnografía. E ainda, esa suposición arriostrase mais ó considerar qu'os povos puramente iberos, os Oretanos, Edetanos e Llergetes, tiñan a seu frenie reis hereditarios, forma já avanzada da organización política, namentral-los Celíberos descoñecían a monarquia e só en tempo de guerra nomeaban un general cuio mendo finaba ó rematar a campanía.

Mais qu'apesar d'estas supervivencias célticas, había diferencias fundamentáis no grito de se gobernaren e regiren as gentes celíbericas e galegas, e qu'esas diferencias foron apreciadas polos conquistadores latinos, demóstrao

## NÓS

un feito observado pol-o mesmo Schulten. (1)

«Exceptuando en los tres conventos del Noroeste, di o Profesor d'Erlangen, fueron suprimidas por los romanos en las demás tribus, celíbericas las antiguas unidades étnicas, por el contrario, en Galicia subsistieron las gens.» Y-esto indica que namentral-los Celtas iberizados da Meseta foron considerados capaces d'asimilaren as distintas formas do municipio romano, no noso país, a antiga organización tribal estaba tan fundamentalmente enraizada, qu'os seus dominadores deixárona subsistir, e non estableceron os seus Senados mais que nas vilas romanizadas con algúna intensidade.

Y-é curioso observar coma no dia d'hoje perdura ainda esta oposición na vida campesina de Castela e de Galiza. Concentrada alá en grandes aldeas, ond'o regime municipal é unha realidade, espallada eiqui en pequenos lugares juntados en municipios artificiais, que non consiguen tomar carta de natureza nos costumes, namentras no adro da eirela parroquial, a fandango de campáa, os homes do agro reúnense nos seus concellos, animados cecais pol-o mesmo espírito particularista que juntaba os pais Celtas tras dos muros dos castros, nas suas asambleias gentilicias.

## VII

### O CARAUTE

Pra Gregos e Romanos, o noso povo é un povo de soldados. O mais malo de vencer de toda a Lusitania, chámalle Strabón. (2) E Justino dí: (3) «En Galiza solo as mulheres coidan dos negócios da casa e da agricultura, por estarem os homes entregados ó oficio de soldados», verbas que mais tarde ven confirmar Silio Itálico, (4) cando escrama: «Antr'os Galecos, o home pasaría por un cobarde si se mentara no sulco ou s'afundira na terra a rella d'un arado. Todo o qu'é alleo á guerra está nas maus das suas infatigables compañeiras.»

E nos poucos instantes de paz, estas gentes barudas non esquecen as batallas. Usan, conta Strabón, (5) combates gimnicos, carreira, lotta e simulacros en cohortes Istruidas. Y-hastas mesmas danzas teñen antr'elles un forte

(1) Hispania, pag. 12.

(2) III, III, 2.

(3) XLIV, III.

(4) Libro III.

(5) III, III, 7.

carauter guerreiro. «Ó son de cantos bárbaros, trepan cos pés no chao, batendo a compás co-as espadas nos escudos, di o cantor da Púnica, e tal é a diversión mais querida d'estas xentes, tal é o seu millor pracer» (1).

Iste espírito rexo e loitador dos galegos foi aproveitado por Cartagineses e Romanos. No exército qu'Annibal levou a Italia, iban homes d'esta terra, que combatiron e morrerón na Trebia y-en Cannes, e despois da conquista, cinco cohortes de Bracarenses e cinco de Luncenses, velaban nas fronteiras dos bárbaros pol-a seguridade y-a gloria de Roma.

Com'os demais Celtas, os da Galiza, amaron a guerra e fixeron d'ela un oficio. Loitaron ante si, loitaron cont'ros invasores do seu chán, e por loitar, formaron mais tarde nas suas lías. Combatiron pol-a independencia da sua terra coma héroes, e combatiron pol-a paga coma condotieri, y-os escritores antigos fixeron honor ás suas virtudes guerreiras, mais nada mais dixerón do seu caraute. Enganosos, tigeiros, movedizos, chámalles tamén o geografo d'Amasia (2); per'istes calificativos parece referirse millor á sua maneira de pelejar qu'ás suas condicións moraes. Eran bós ou ruis? Inteligentes ou rudos? Tifian especial disposición pr'algúnha cencia ou pr'algún arte? Fora da sua habilidade de metalúrgicos e forjadores, soilo dous nomes de galegos que destacaren pol-o seu talento na época romana nos son coñecidos: o de Lucio (3), un poeta lírico, y-o de Materno (4), un abogado.

Alento aventureiro nos homes, que fuxen da patria en precua da loita e da fortuna; muleres que coidan da casa e da terra, un poeta e un abogado. Pouca coisa pra faguer generalizámos e pr'estabreer paralelos, mais qu'así e todo fai lembral-a Galiza d'hoje co-a sua y-alma lírica, o seu istinto jurídico, os seus campos abandoados com'entón nas maus infatigáveles das mulleres.

### VIII

#### A RELIGIÓN

As nosas fontes de coñecemento en col de religión dos antigos galegos, redúcense a

(1) Libro III.

(2) III, II, 6.

(3) Marcial, Libro X, epigr. 37.

(4) Marcial, Libro IV, epigr. 86.

unhas cantas referencias de Strabon, Silio e Justino, e un número pouco considerable de epígrafes latinos, nos qu'as identificacións das divinidades indígenas cos deuses do Panteón greco-romano, son por disgracia ben escasas.

Temos así e todo, pol-a *Geographica* (1), noticia de qu'o culto de Marte estaba moi estendido na nosa terra, cosa que coma veremos despois, está confirmada pol-a epigrafia, que nos proporciona tamén os tres Ioves; *Ladico* (2), *Candamio* (3) e *Andero* (4), patróns pre Schulten (5) de terras trágicas, qu'indican qu'o pal dos deuses era interpretado eiqui com'un espírito dos outos cumes, estando cecais iste culto relacionado co da Montana sagrada, que coñecemos por unha referencia de Justino, e que amosra, asegún Leite de Vasconcellos, (6), a existencia d'unha religión do rayo, e qu'o ferro era considerado como metal impuro e non doado pra ceremonias do culto. Certos pasaxes de Floro, Arlemidoro e Posidonio, y-os relevos de muitas pedras dos castros e citanias y-ainda de lápidas funerarias da época romana, demostran qu'houbo eiqui cultos astrolátricos qu'o ilustre autor das *Religiones da Lusitania* (7) supón en parte relacionados co destino post-mortem das almas. Os anátemas de San Martin de Braga acusan a presenza de unha forte perduración animística, e finalmente coñecemos pol-as lápidas nomes de deuses coma *Banduaetobrigus*, (8) *Crougintoudadi-goe*, (9) *Cauleci*, (10) *Netaciveulebri* (11) (d'unha lápida cecais corrupta de Padrón), *Rauveanabaraecus* (12) ou *Rauveana Barae-cus*, *Virrorevillaecus*, (13) *Caepol...* (14) *Aegimuniaegus*, (15) *Edovius* (16) *Poemana*, (17) *Regoni*, (18) *Verora* (19) y-*Endo*, (20) que cecais sexa sinxelamente un *genio castrum* mal leído cuia epigrafia localízase escrusivamente

(1) III, III, 7.

(2) C. I. L. 2623.

(3) C. I. L. 2656.

(4) C. I. L. 2698.

(5) Hispania, pag., 99.

(6) Religiones da Lusitania.

(7) T., III, pag., 434 a 440.

(8) C. I. L. 2615.

(9) C. I. L. 2666.

(10) C. I. L. 2651.

(11) C. I. L. 2639.

(12) C. I. L. 685.

(13) C. I. L. 2575.

(14) Vex., Leite de Vasconcellos, Religiones da Lusitania t., II.

(15) C. I. L. 2623.

(16) C. I. L. 2645.

(17) C. I. L. 2678.

(18) C. I. L. 2674.

(19) C. I. L. 2676.

(20) Vex., Murguía, Historia de Galicia, II edición, t., I.

no Oueste da Península, pero que non son pra nós mais que nomes, já qu' o seu valor mítico y-a sua filiación lingüística, a pesar dos esforzos d'homes tan ilustres coma Hubner, Holder, o Fita, e Leite de Vasconcellos, non está en gran parte determinada con exatitud, podéndose dicir somentes qu'istes deuses que cecais baixo distintas denominacións, acochan en si unha mesma significanza, teñen un forte caraute tópico ou gentilicio, espíritos de lugares determinados, proteutores d'un clan ou d'unha tribu, cousa que vai ben co-a división politeca en infinitas comunidás, que señalamos n'un dos capítulos precedentes.

Crer'está que con informaciós tan incertas, non é posívele enxergar nada concreto en cada ideología religiosa imperante na nosa Edade do Ferro, nin do valor cosmogónico que se lle atribuía, nin das ideas moraes d'elas derivadas, podendo tan sollo do conjunto d'elementos de diversa orixe que deberon contribuir á sua formación, separar aqueles que por presentar identidades indubidáveles cos cultos praticados polos Celtas do resto d'Europa, venian engadir novos datos acerca da nosa etnografía protohistórica.

Sabemos por Callimaco, (1) Silio (2) y-Ammiano, (3) que na época das invasións, os Celtas rendían especial veneración a un espírito da guerra, qu'os escritores citados identifican con Marte. No tempo da conquista romana, os povos da Galia, adoraban en troques preferentemente a divinidade que César (4) compara a Mercurio. Cicerón (5) y-Ateneo (6) fálannos do bárbaro costume galo de sacrificaren a sanguiníferos deuses, os ladrós y-os cautivos. César (7) refire com'os druidas sacaban presaxos da maneira de cairen estas vítimas humanas, e derradeiramente, o boconcio Trogó Pompeyo (8) gaba ós seus paisanos com'os mais hábiles atrair os bárbaros nas artes adivinadoras. Pois ben, todas estas particularidades dos cultos galos aparecen fortemente acusadas en Galiza.

De Mercurio fala unha lápida de Caldas de Reis, (9) e tamén coma supervivencia romana

d'iste culto, debemos consideralos dous Hermos de bronze atopados, un en Casal-Comba, (1) perto da raya da antiga Galecia, y-outra nas terras ourensas do Limia. (2) A relixión de Marte aparece nas adicacións a *Coso Marte* (3) de Brandomil a *Cososo deo Marte* (4) de Braga, a *Marte Cariocieco* (5) de Tuy, e sinxelamente a Marte (6) sen identificación con ningunha divindá indígena, na Cruña. E qu'iste deus favorito dos Celtas na época das suas conquistas era adorado preferentemente polos galegos, maniféstao craramente Strabon (7) cando conta qu'os Lusitanos que vivian nas montañas immolaban a Marte os prisioneiros y-ofrecianllas suas maus cortadas, e que lle facian tamén sacrificios de cabras e caballos, asegún o rito grego das hécatombs, engadendo despoxos qu'eran aquelas gentes peridas en averiguacións e que predecian o porvir asegún a maneira de cairen as vítimas humanas ó seren feridas de morte, e qu'adeviñaban tamén apalpando e pol-o elasme das entradas dos sacrificados. Esta pericia augural y-aruspacial, achase confirmada no pasaxe en que Silio Itálico (8) califica á mocedad galega d'hábil en descobrir o porvir «nas frebas das vítimas, no voar dos paxaros e no lume do ceo. Temos polo tanto que n-istes tres puntos principais: culto preferente ó espírito da guerra (Marte), sacrificio de vítimas humanas, e gelos adeviñatorios, coinciden en ausoluto as relixiosas da Galia e de Galiza, pero amais d'elo, ainda podemos señalar outra semellanza: a veneración á augas correntes, ríos e fontes, qu'a-según Dechelete, (9) determinou o emprazamento dos habitantes d'algúns tribus da Champaria e que fan estendida estivo en toda a Galia, alcóntrase asimismo representada en Galiza polas lápidas a *Naviaefellesurraeco* (10) espírito pr'ó P. Fita (11) d'unha fonte termal e pra Schulten (12) d'un río (*Navia*), que en sanscrito significa «auga que corre», e iste

(1) VI, 178.

(2) Libro IV.

(3) XXVII, 44.

(4) Da Bello Gallico.

(5) A Fonte.

(6) IV, 51.

(7) De Bello Gallico.

(8) XXIV, 4.

(9) C. I. L. 2844.

(10) Portugal, t., II.

(11) hámase no Museu d'Ourense.

(12) C. I. L. 8871.

(4) C. I. L. 2418.

(6) C. I. L. 5612.

(8) C. I. L. 2889.

(7) III, III, 7.

(9) Libro III.

(9) Manuel, t., II.

(10) C. I. L. 2824 e 2622.

(11) Vex, Arturo Vázquez Núñez, Epigrafía Latina de la Provincia de Ourense, B. de la C. de Monumentos, T., I.

(12) Hispania, pag. 99.

nome lévano algúns ríos); pol-as adicaciós ás Ninfas, feitas por persoas de nome indígena, qu'apareceron perío das Burgas d'Ourense, (1) en Baños de Bande, (2) en Alonges (3) v-en Baños de Molgas, (4) e no N de Portugal, an-tr'outros, pol-os tan nomeados epígrafes de *Tongoenabiagus* (5) en Braga, y-a *Barmanico* (6) nas Caldes de Vicela. Existiu tamén un culto céltigo dos bosques, patente no nome da mansión de *Nemetebrixa*, e dos Castros *Nemendo* e *Nemeño*, sendo esta etimología perfectamente crara, já que *nemad* significa bosque sagrado en céltigo.

Mais non é esto sólo: entr'os deuses cuio

(1) C. I. L. 2227.

(2) C. I. L. 2530.

(3) C. I. L. 8625.

(4) Arturo Vázquez Núñez, Loc. cit. Lápida inédita n. 29.

(5) Vex. Leite de Vasconcellos, Religiosas da Lusitânia T., III.

(6) C. I. L. 2402.

valor represantativo descoñecemos, pero qu'aparecen na epigrafía galo-romana, atópans'algúns d'eles nas lápidas galegas. Taes son as *Matris*, (1) mencionadas n'unha inscripción da Cruña; y-os *Lugoves*, que baixo a forma *Lugoubi* (2) alcóntranse n'outra de Lugo, sendo moi posivelle qu'o nome d'estes deuses, que fan o singular *luc* ou *lug* teñan relación co-a actual denominación d'aquela cibdade, com'a teñen co nome de *Lugdunum*, a actual vila de Lyon, en Francia, asegún a opinión de Dotin. (3)

(Continuaráse)

(1) C. I. L. 2776 1st edición as Beiras galegas apareceu segun Hubner na Crux do Conde, en Castela.

(2) Amor Melián, Hist. de la Provincia de Lugo, t., I. Martínez Salazar, Los Lucos, Dioses gallegos, y célticos, B. de la Academ. de la Historia, t., LVI, pag., 349.

(3) Manuel Os lares das vías, d'abondo nas Galias, asegún Dotti, hñchase tamén a farta no territorio d'antiga Gallaecia. Vex. entr'outros C. I. L. 2613.

## QUOD NIHIL SCITUR

(Proseguimento)

Siguese d'equí que é pavero o dito d'algúns de qu'a y-alma do home pode ter figura redonda ou outra calquera qu'a que todos temos, e qu'eso había ser o home. Si a viron, millor pra min. Pois eu non iba creer qu'a sua razón fose com'a nosa; e mais iles chámante home verdadeiro. Quén o sabe? Ningún. Si nonha viron, porque o finxen tal cal a natureza nono podería producir? Porque si poidera, de que geito fba ser eterna aquela proposición: «a y-alma é o auto do corpo fisico orgaizado?» Veleiquí a sua cencia. Muito mais absurda é esl'outra opinión, ou sexa, que anque non existira ningún home, sería verdade dicir qu'o home é animal. Supoñen unha causa imposible, pra sacar outra falsa. Porque si falas coma filósofo, endejamais han laltas homes, porqu'o mundo é eterno; e si falas coma crecente, pode deixar d'existir Cristo? Xa vés coma nos dous casos é imposible a tua suposición.

Mais non sabes pol-o teu preceptor, que supos-

ta unha causa posibre non se sigue incomenmente ningún, mais qu'admitida unha imposible si-guense moitos? Mais sexa asina, sexa posibre: si o home non existe, como vai ser animal? Dín qu'o verbo «*Est*» supón equí a esencia, non a existencia, e que é somentes a cópula. Por eso aquela proposición é eterna, e asina tómama de cote nas cencias; e já antes do home ser criado, ja tiña sido verdadeira a proposición; e na mente divina estaban as esencias de todal-as cousas. Por eso escriben cou-sas pasmosas en col do Ente e da Esencia. Qué cousa hai mais vía? Sacan as verbas do seu significado proprio eco trompenas de tal geito que, anqu'o seu estilado sexa o mesmo qu'o dos seus pais resulta integralmente diverso.

Cando t'achegas a iles pra deprender algo, trocan de tal geito a sinificación das verbas qu'antes estabas afeto a empregar, que já non designan as mesmas cousas, as cousas naturás, senón aquelas qu'iles, mesmos inventaron, pra que li, cobizoso, de saber e inteira-

mente ignorante d'estas cousas novas, porfiando e discreteando lles moi solilmente sobr'as cousas taes coma lles apareceron en soños, y-espónndoas con admirabre artificio, os escoites, os admires os respeites e reverencias com'agudísemos esculcadouros da natureza, é pasmosa tanta barballoelada. Que hai que sexa mais sinxelo, mais craro, mais usado qu'esta verba *est*? E mais canta porfia tocantes a el! Mais doutos qu'ises filósofos son os nenos, que si lles perguntas s'está o pai na casa, responden que está; si lles perguntas si é malo, dirán que non. Do home, anque non existise, o filósofo había asegurar que é animal.

Non é menos absurdo o qu'algú querer estabrecer, qu'a Filosofía se non pod'aprender n-outro idioma qu'o grego ou latino porque din que non hai verbas conque traducil-as muitas que n'aquelas línguas hai, com'a *Entelequia*-d'Aristóteles, sobr'a que moito se porfiou de coma se debe traducir ó latin. Antr'os

latinos hai as verbas *Essentia*, *Quidditas*, *Corporeitas* e outras semellantes qu'os filósofos inventaron; as que, coma nada significan, ninguén as entende; e ninguén as pod'explicar, nin traducir ó lenguaxe vulgar que sole designar con nomes axetados todol-as cousas, mais somentes as reais non as finxidas.

Engade a frívola senleza d'algú, qu'atribuyen ás verbas non sei que forza de seu, pra d'eiqui poderen dicir qu'os nomes lles foron postos ás cousas asegún a sua natureza.

Levados d'esto, esforzánse algú non menos (réciamente) en sacar d'algunha cousa o significado de todal-as verbas: Coma pedra (*lapis*) porque manca nos pés; e terra (*humus*) de humedad. E o astio, d'on? De ti, porque non tés senso (*sensus*) poi-o prefixo *si-* en grego y-en latin moitas veces indica privación: *si-nus* é case *sensus*; logo *asinus* é o mesmo que *sine sensu*, e esto é qu'és tu. Non é boa esta etimología.

(Continuaráse)

## ARCHIVO FILOLOXICO E ETNOGRAFICO DE GALIZA

### Recitado para nenos

I  
[Cácaracá]  
Ponte na pá  
e fáime un bolo,  
non mo comas todo,  
déixame d'él  
para martes d'Antroido  
II  
Orella pendella  
vai á leña,  
se non vés d'hora  
durmirás fora,  
cos canciños  
da tua dona.  
III  
Manoelino  
foi ao viño,  
partiu o xerro  
no camiño.  
Mal pol-o xerro,

mal pol-o viño,  
mal pol-o cu  
de Manoelino  
Recollidos por  
L. C. en SAN XIÁN DE SERGUEI.

### Variantes

Da I:

Cácaracá!  
Ponte na pá,  
Fai un bolo,  
cómo todo  
deixa d'él  
pró mes d'abril

(Ourense)

Da II:

Ovelliña,  
vait'a leña;  
que chova que neve  
non te veñas sin ela.

(Ourense)

Dícese colléndoll'a orella ó rapáz e abanéndolle ó compás do recitado.

A illa dícese n-Ourense igualña, somentes que o nome de Manoeliño trócase pol-o de aquil a quen se lle canta, pois recítase con melopea.

Non de cote se dán istos recitados por entredo e brincadeira, senón que as mais das veces levan unha intención pedagógica mais ou menos consciente ou intencional, pois sirven para que os rapaces se solten a falar, do mesmo xeito que os chamados *trabaléngooas*, que sirven pra exercitá-la pronunciación. A mesma casta de logos educativos pertenecen as mesmas adivinanzas, que tanto exercitan o ingénio, e hainos tamén pra deprender a contar, com'aquil das más irlandesas:

Dance thumbikine, dance.

Dance, yes, merry men every one

Thumbikine, you must dance alone,

yes, thumbikine, you must dance alone.

Que sirve pra deprender os nenos a leval-a conta polos dedos, principando co-esta compra prò pulgar (*merry man*) e seguindo polos outros: *Fore man, longe man, ring man e little man*. Cántiga qu'algún pensou qu'era un conjuro mágico. Ten certa analogía c'outra nosa:

Iste é o dedo miúdo,

Iste é o seu sobrío,

Iste é o maior de todos,

Iste é o fura-bolos

E iste é o mata-piñollos.

Concorda esto co-a teoría do Jogo com'aatividade preparatoria, como ensaio y-exercicio das aatividades da vida adulta, teoría que é acelada hoxe en caseque todos lados. Querese dicir, qu'os nenos non enredan somentes por enredar, nin por daren saída a un excedente de energia, coma supuxo Schiller, nin por reproduciren aatividades ancestrais deixadas já polos adultos, senón qu'enredan istintivamente c'unha finalidade práctica qu'iles descoñecen, cal é a de por en jogo todal-as suas potenzas orgánicas e psíquicas prò dia de mañá.

O etnógrafo e o folklorista deben ter en conta sempre que non hai unha soila aatividade nos homes, que non tenha ou non haxa tido outrora algúna utilidade, real ou engañosa, que non hai unha soila que fose sempre unha sinxela brincadeira. Se non pode arredar de ningún xeito, o traballo do logo; iste é de cote, ou foi — e siguen sendo por baixo da apariencia, nun ou outro senso — traballo útil. A noi irlandesa que recita o *thumbikine*, e a galega que collendo a manciña do seu fillo di: «Iste é o dedo miúdo...» non fan un conjuro mágico, mais emporiso non deixan de precurar, consciente ou istintivamente, un oujeto práutico.

V. R.

## OS HOMES, OS FEITOS AS VERBAS

### LIBROS

#### BIBLIOTECA ESCOLLIDA DE AUTORES GALEGOS

VALENTÍN LAMAS CARVAJAL,  
POESIAS, selección e prólogo de Juan G. del Valle,  
A Cruxia, MCMXXV.

PERMEIRO volume da Biblioteca galega do editor Morel, da Cruxia, que se propón — Deus lle couserve os folgos, e lle dea o éxito de que é merecente — unha obra de longoalento coma a qu'outrora emprendera o ilustre Martínez Salazar co-a sua *Biblioteca Gallega*, d'eterna

memoranza, embora Morel a quería facer c'un mais seguro e moderno espírito de selección e d'escolma. Un librito pequeno e feituco, de 216 páxinas, que s'imita na fentura, no papel e na pasta ás modernas edicións portuguesas, e nos tipos ás da *Revista de Oueste*. Couse ben feita, afellas, e todo por catro pesetas, acreditando que, apesar de acharse aquí o traballo tipográfico nas mesmas ou se cadra en mais ruis condicións qu'en toda a España, o libro galego é pol-o d'hoche, pode que o mais barato do mundo.

D. Johan G. del Valle, autor da escolma e do prólogo, escolleu en *Espiñas, follas e frores*, en *Musa das aldeas* e mais en *Saudades gallegas*, vinteseis poemas dos que millor ca-

ralterizan o sentimento do vate ouresán que, como di con quentes e justas verbas no cariñento prólogo que lle puxo: «Despois de Rosalia Castro, ninguén viviu como él nunha tan ardente e querenciosa achegadura coa terra de nascenza, nem a cantou e rulou con tan fervendo acento, nem a levou dun xeito mais espontáneo, entrorable e sinxelo».

Ja cumpliran ediciones como esta dos nosos clásicos do século XIX, dos que as antergas non son doidas d'atopar, estiñadas e non reproducidas as mais d'elas, algunhas se cadra esquecidas en ignorados depósitos dos que ninguén as vai sacar. É iste un labor preciso e que corresponde de direito ó noso tempo com'unha das suas mais craras obrigas; benia quen o vaya levando á feito. Ja o di o editor nas verbas d'adevertencia que pón ó principio d'iste volume, ó que logo han seguir outros pra ben das nosas letras hoxe renacentes e pol-a mesma razón precisadas de relación constante coíse noso pasado de onte e temén co mais recaudo do dourado tempo medieval. Todos agardamos impacientes *Os Eoas*, de Pondal, e apracerianos vermos en ediciones populares o *Seudo-Turpín a Crónica Troyáa*, os *Canzoneiros*, e outros antigos moimentos da nosa léngua.

É moito o que compre faguer, uninxente traballo o que s'ofrez á nosa devoción ardente de galegos do porvir. Mail-o labor está principiado. Agora, irmos pra dianie.

#### A NOSA TERRA

Núm. CCXVII, Outono 1925.

**SUMARIO:** Ao decorrel-los día. Síntese xeográfica de Galicia. Hidrografía. Oración á fala, por M. Lugris Freire. Cinzas, por Leandro Carré. Conversas filolóxicas, por L. C. Intercambio cultural con Portugal. Craro de Iua, por M. Posse Rodríguez. Unha visita. O Seminario de Estudos Galegos. O fútbol e a

#### NÓS

política, por Víctor Casas. Os Amigos de Galicia. Os matadoiros industriais. A revista «Nós». As novelas de «Lar».

#### LA TEMPORADA

Mondariz, 4 Outono 1925.

**C**on notas sobre a pedra abaneante de Arcos, visita do Bispo de Camagüey, Congreso antituberculoso e lembranza do ilustre fundador do balneario, D. Enrique Pelnador Vela, no seu aniversario.

#### CÉLTIGA

Bós Aires, 25 Sobre. 1925.

**O**RIGINAIS de Blanco-Amor, A. Botana, Núñez Búa, Valle-Inclán, e outros. Informacións do Centro Galego, sociedade, teatros, sport, vida da Colonia, etc. Efemérides galegas. Concurso de alabás e cántigas populares. A intersantísima sección, El momento de Galicia, desenós d'Ares Miramontes, Torres, Borobio, e fotos de Pontedeume, Fisterre, Noya, Compostela, etc.

#### BOLETÍN DE LA R. A. GALLEGA

1 Nobre, 1925.

**U**n pazo galego nos séculos XVI e XVII, por Fermín Bouza Brey (con gravuras). — Archivo de la Secretaría de la Soberana Orden de Malta: Relación de documentos (continuación, pol-o Conde de Valladolid). — Sección Oficial. — Documentos.

#### EL FRANCOLÍ

Espluga de Francolí, Outono 1925.

**T**EMOS recibido a visita d'iste boletín catalán, cheo d'esprito e de quentur aldea ó que saudamos, e do qu'outra vez daremos nota esprativa.

*Imprenta LAR. Real, 36 1.º - A CRUÑA*

## Na Biblioteca Lírica Lar

publicaránse axiña

## No Desterro e Da Terra Asoballada

POESÍAS do POETA DA RAZA

(Segunda edición seleccionada e amprizada pol-o autor)

A importancia da publicación

# L A R

non precisa pregoarse

Vexa vostede calquera dos números  
publicados e quedará satisfeito

Todal-as novelas son inéditas e orixinales  
dos melhores escritores galegos.

Se vostede é amante das boas letras  
debe suscribirse á

# L A R

Coste de cada número 30 céntimos

Suscripción a 6 números 1'60

Administración: Real, 36-1.<sup>o</sup>

A Cruña

# Dr. MOSTEIRO

Médico  
Odontólogo

Medicina e Cirugía da boca -- Electricidade -- Rayos X

A Clínica Dental mais completa de Galicia

Cantón Pequeno, 1 (Casa Pastor) - A CRUÑA

LUIS FÁBREGA

DROGUERIA E FARMACIA

Progreso esquina a Luis Espada  
OURENSE

MERQUE VOSTEDE

Plumeiros RAFIUM

De más dura que os de pruma e limpa millor  
Tendense en todos os establecimentos do ramo  
Andrés Perille - OURENSE

Reloxería ZENITH

Máquinas parlantes, Discos, Agullas  
e Accesorios

M. CALVIÑO

OURENSE



A mais económica de Galicia

VIÑOS RANDULFE de Bodegas Galegas - Finos de Mesa  
OS PEARES (Ourense)

Sanatorio Quirúrgico  
Directores:

Manuel Peña Rey

Ginecología e Partos

José Mosquera Blanco

Cirugía geral

Especialista na gorga, nariz e ouvidos

Situado frente á Alameda do Crucero, ten todos os condicíos precisas. — Proufícase toda eras d'operacíos. — Dotado de todos os adiantos que pide a actual Cirugía. — Modernas instalacíos de RAYOS X pra diagnóstico e RADIOTERAPIA superficial e fonda, con voltaxe de 250.000 voltios. — Aparello de Diatermia pra tratamento de Aneurizas, procesos inflamatórios, reumatismo, etcétera. Lámpara de cuarzo pra sol d'altitude e ultra violeta pra tratamento d'escrofulosis, reumatismo, alopecia, eczemas, etcétera. Admíense embarazadas, e contase con material esterilizado pra fora da cibade en casos d'urxencia. — Poden colaboraren todos os compañeiros, previo consentimento dos directores.

BODEGAS GALLEGAS PEARES E OURENSE  
Viños finos de mesa: Tinto TRES RIOS. Branco BRILLANTE. LOS GALLEGOS branco e tinto  
Macia e Valeiras. Apartado 18 -- Ourense

Augas bicarbonatado-sódicas de  
**MONDARIZ**



FONTES DE GÁNDARA e TRONCOSO  
Propiedade dos FILLOS DE PEINADOR

MONDARIZ—BALNEARIO está situado a 35 kilómetros de Vigo e a 20 das estaciós de Porriño e Salvatierra de Miño

O Hotel do Estabrecimento está aberto do 1.<sup>º</sup> de Mayo a 31 de Outubre

*1000*

## Sastrería CRECENTE IRMANS

A MILLOR  
DE  
GALICIA



REAL, 28 - 1.<sup>o</sup>

TELÉFONO 180

A CRUÑA

## F. ROMÁN E SACO DROGUERIA E FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono 28

OURENSE

AXIÑA  
APARECERÁ

## C O U S A S

POR  
CASTELAO

LEA VOSTEDE A  
NOVELA MENSUAL

L A R

Administración e imprenta  
REAL, 36 1.<sup>o</sup> A CRUÑA

SUSCRICIÓN A 6 NÚMEROS 1'60 PESETAS